

## BANDO INFORMATIVO

Informo de que a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Política Social abriu o prazo para solicitar a participación no programa XUNTOS POLO NADAL.

Este programa ten como obxectivo ofrecerlle unha alternativa para disfrutar as festas do Nadal as persoas maiores que polas súas circunstancias familiares teríanas que pasar soas.

A actividade realizarase na Residencia de Tempo Libre de Panxón, Nigrán (Pontevedra), dende o día 23 de decembro pola mañá ata o día 2 de xaneiro despois de xantar. A estadía na residencia de tempo libre inclúe:

- 1 Estadía de 11 días e 10 noites
- 2 Aloxamento en habitacións compartidas e manutención en réxime de pensión completa.
- 3 Desprazamento en autobús dende os lugares que se establezan nas localidades de Santiago, A Coruña, etc.
- 4 Actividades de animación sociocultural

As persoas que teñan ingresos mensuais inferiores a 532,51€ a estadía será gratuíta. As persoas que superen a dita cantidade deberán achegar 50€.

### REQUISITOS:

- 1 Ser maior de 60 anos
- 2 Estar empadroadas/os nalgún concello de Galicia
- 3 Ter que pasar as datas de Nadal soas ou sos
- 4 Valarse por si mesma/o e non padecer ningunha enfermidade infecto contaxiosa activa nin trastornos mentais ou condutais non compensados que poidan alterar a convivencia.
- 5 Non estar acollido en ningún centro residencial

**LUGAR DE INFORMACIÓN** Departamento de Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello. Rúa do Deporte, baixo, Sigüeiro, Oroso. Tfno.: 981 688 950

**HORARIO:** Luns, mércores e venres de 9:30 a 13:30

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** ata o 15 de novembro de 2014

**MÁIS INFORMACIÓN:** no Teléfono Social 900 333 666

Oroso, 20 de outubro de 2014

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira